REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL

XUNTA DE GALICIA | DEPORTE GALEGO

# NOTA INFORMATIVA

## A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE CERTIFICA A ACTUALIZACIÓN DO PROTOCOLO FISICOVID DXT GALEGO DA REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL

### Os maiores de 12 anos con certificado Covid de vacinación coa pauta completa poderán adestrar e xogar sen test nin máscara en fútbol, fútbol sala e gaélico nas categorías de ámbito autonómico

A Coruña, 2 de novembro de 2021

A Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia certificou a actualización do Protocolo Fisicovid DXT Galego presentada pola Real Federación Galega de Fútbol. Unha actualización con importantes novidades e que será efectiva a partir deste martes 2 de novembro.

As principais novidades con respecto ao anterior protocolo son:

1. Os maiores de 12 anos que acrediten dispor da pauta completa de vacinación (Certificado Covid) ou certificado de recuperación poderán adestrar e xogar sen a necesidade de facer test nin usar a máscara.

2. Os maiores de 12 anos que non acrediten dispor do certificado de vacinación ou de recuperación deberán realizar un test covid dentro das 72 horas previas á disputa do partido para poder xogar.

3. Os menores de 12 anos (nas categorías alevín, benxamín e prebenxamín) deberán seguir usando a máscara, tal e como establece a normativa vixente.

4. Deixa de ser obrigatorio o rexistro das persoas que entran na instalación deportiva.

5. Banquillos: Permítese o uso dos banquillos con normalidade. No caso de non poder manter a distancia de seguridade é obrigatorio o uso de máscara. En interior o uso da máscara é obrigatorio en todo momento.

6. Os responsables Covid de cada equipo deben indicar na Intranet os xogadores que dispoñen de certificado de vacinación ou recuperación e aqueles que precisan realizar a medida alternativa (test) según o seguinte procedemento na Intranet:

## PROCEDEMENTO A SEGUIR POLOS RESPONSABLES COVID NA INTRANET

1. **Cada responsable Covid debe acceder na Intranet do club ao apartado de licencias online.**




2. **No apartado de licenzas online debe escoller o equipo sobre o que queira certificar e abrir o listado de licencias en vigor.**

3. **Aparece unha nova columna co título INFORMACIÓN e cun termómetro en cada xogador/a.**




| Código | Nombre y Apellidos | Licencia | F.Nac. | F.Final | R.Médico | Estado | Información | | Acciones |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| [redacted] | [redacted] | FA | [redacted] | [redacted] | -------- | Activa | | | |
| | | FA | | | -------- | Activa | | | |
| | | FA | | | -------- | Activa | | | |
| | | FA | | | -------- | Activa | | | |
| | | FA | | | -------- | Activa | | | |
| | | FA | | | -------- | Activa | T | | |
| | | FA | | | -------- | Activa | | | |
| | | FA | | | -------- | Activa | | | |
| | | FA | | | -------- | Activa | | | |
| | | FA | | | 30-06-2016 | Activa | | | |
| | | FC | | | -------- | Activa | | | |
| | | FC | | | -------- | Activa | | | |
| | | FC | | | 30-06-2016 | Activa | | | |
| | | FC | | | -------- | Activa | | | |
| | | FC | | | -------- | Activa | | | |
| | | FC | | | 30-06-2016 | Activa | | | |
| | | DE | | | -------- | Activa | | | |


Juan de Ciorraga, 3 - Baixo | 15008 A Coruña | Tel: 981 900 600 | Fax: 981 120 048
www.futgal.es

4. **Clicando no termómetro aparece unha ventá na que se debe concretar a situación Covid do xogador/a, existindo tres opcións:**
    A. **Dispón de certificado de vacinación ou recuperación.**
    B. **Non dispón de certificado de vacinación ou recuperación e ten feito o test dentro das 72 horas previas á disputa do partido**
    C. **Non cumple ningún dos dous requisitos anteriores.**




5. **Que sucede nos tres casos?**
    5.1 **No caso de dispor de certificado de vacinación ou recuperación o termómetro ponse en verde e así quedará ata final de tempada.**
    5.2 **No caso de non dispor de certificado de vacinación ou recuperación pero si do test como medida alternativa, o termómetro ponse en verde ata a seguinte data de vencimento.**
    5.3 **No caso de non dispor de ningún dos dous requisitos o termómetro ponse en vermello e o xogador/a non poderá ser alineado.**


Juan de Ciorraga, 3 - Baixo | 15008 A Coruña | Tel: 981 900 600 | Fax: 981 120 048
www.futgal.es